

25
MARZO
NO PAVILLÓN
09:15H



REGULAMENTO

O 25 de marzo de 2018 terá lugar a VII ruta BTT “O Requesón” no concello das Neves. Así mesmo tamén terá lugar una andaina polos montes do mesmo concello.

A.S.C. Sanomedio

VII RUTA BTT O REQUESÓN 2018

Regulamento da Ruta BTT O Requesón 2018

1. A Ruta BTT o Requesón se celebrará o domingo 25 de marzo de 2018.
 - 1.1. A saída terá lugar ás 9:15 horas dende a Praza Maior do concello das Neves.
2. A percorrido discurrirá polos montes do concello de As Neves ó longo de 45km, cunha variante curta de 30km (ambas distancias aproximadas).
3. Poderán participar tódalas persoas maiores de 16 anos con licencia federativa en vigor durante a tempada 2018. No caso de non estar federados poderán facelo tramitando unha federación por un día (o custo da licencia por un día é de 10€ e só se poderá tramitar ata 48 horas antes da proba). Aquelas persoas que posúan o **Carné Ciclista** deberán pagar os 5€ da licencia por un día, tal e como recollen as normas da Federación Galega de Ciclismo.
 - 3.1. Os participantes menores de 18 anos deberán entregar unha autorización cuberta e asinada por un titor legal.
4. A ruta ten carácter NON COMPETITIVO.
5. A inscrición tramitarase mediante a plataforma www.emesports.es e o prazo pechará o xoves 22 de marzo de 2018 ás 23:59.
 - 5.1. Na inscrición deberá aparecer:
 - Nome e apelidos.
 - DNI.
 - Data de nacemento.
 - Email.
 - Teléfono.
 - Club.
 - Federado Sí ou Non.
 - 5.2. O límite de inscritos establécese en 500 participantes.
 - 5.3. O prezo da inscrición será de 6€. Ademais os non federados deberán federarse por un día pagando unha cota de 10€, prezo establecido na normativa da Federación Galega de Ciclismo para tales efectos. Aquelas persoas que posúan o **Carné Ciclista** deberán pagar os 5€ da licencia por un día, tal e como recollen as normas da Federación Galega de Ciclismo.
6. A recollida de dorsais poderá facerse na tarde do sábado 24 de marzo de 2018 no Pavillón Municipal das Neves ou no día da marcha (25/03/18) entre as 8:00 e as 9:00 horas no mesmo Pavillón.
 - 6.1. A recollida do dorsal da dereito a un regalo conmemorativo da ruta.
 - 6.2. Ó finalizar a proba habilitarase unha zona de asistencia fisioterapéutica da man de **Equilibrio; Centro de Rehabilitación, Fisioterapia, Osteopatía e Biomecánica** para os participantes que o precisen.
7. A inscrición e pertinente pago outórgalle ó participante dereito a:
 - Duchas.
 - Lavado de bicis.
 - Coche escoba.

- Ambulancia medicalizada.
 - Avituallamento sólido e líquido.
 - Asistencia en ruta.
8. A organización pon a disposición dos participantes avituallamento sólido e líquido, así como ambulancia medicalizada, así como dun Seguro de Responsabilidade Civil de Accidentes (limitado), non facéndose responsable de ningún accidente nin gastos fóra desa cobertura, debendo entenderse que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos do BTT.
 9. O día da ruta será obrigatorio levar o dorsal nun lugar visible durante todo o percorrido. Quen non leve dorsal será expulsado da ruta.
 10. O emprego do casco é obrigatorio, non levalo implica a retirada inmediata do dorsal e da ruta. A organización non se fai responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa a negligencia dos participantes, así como dos danos que estes puideran ocasionar durante a realización da actividade.
 11. O percorrido da ruta transcorre na práctica totalidade por camiños rurais e forestais do concello de As Neves, existindo cruces con tramos de estradas que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios, polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes e respectar as normas de circulación contidas na Lei de Seguridades Viaria e no Regulamento Xeral de Circulación.
 12. A ruta estará sinalizada con cintas, sinais verticais e frechas indicativas, debendo respectalas en todo momento.
 13. Todos os participantes deben respectar o entorno natural por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar lixo en todo o percorrido, a excepción dos contedores situados no punto de avituallamento, de inicio e final de ruta.
 14. Paralelamente a esta Ruta BTT o Requesón terá lugar unha **Ruta de SENDEIRISMO polos montes do Concello das Neves.**
 - 14.1. Será obrigatorio a inscrición previa para a ruta de SENDERISMO a través de mensaxe ou WhatsApp aos teléfonos 616992177 ou 629270651. Tamén se pode facer mandando un correo electrónico á dirección: organización@acdsanomedio.com.
 - 14.2. A inscrición á ruta de sendeirismo ten un prezo de 3€ por persoa (nenos gratis) que se abonarán no mesmo día da ruta.
 15. Para máis dúbidas contactar ca organización mediante o correo electrónico organización@acdsanomedio.com ou no teléfono 616992177.
 16. A Organización da Ruta BTT O Requesón resérvase o dereito a modificar o presente regulamento, así como a modificación do percorrido, quilometraxe, data e hora da proba.
 17. O feito de inscribirse na proba, supón a aceptación total do presente regulamento.
 18. Acordo coa lexislación vixente en protección de datos de carácter persoal, comunicamos que a información facilitada incorporarase a un ficheiro electrónico propiedade de A.C.D. SANOMEDIO coa única finalidade de rexistrar e controlar o acceso dos participantes á proba deportiva sinalada. Estes datos non se facilitarán a terceiras persoas que non estean relacionadas coa realización desta proba. En particular, poranse a disposición da Federación Galega de Ciclismo ó abxecto de

comprobar a vixencia de licencia federativa e no sou caso subscribir o seguro correspondente. A persoa que cubre este formulario de inscrición deberá actuar en nome propio coñecendo e aceptando as bases que regulan o funcionamento da proba.